

Programa de Desenvolvemento Estratéxico

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Período de validez do Programa: 2025-2027

Validación: Comisión de Calidade

Data: 18/02/2026

Aprobado en XdE 18/02/2026

Universidade de Vigo

Campus de
Vigo

Escola de
Enxeñaría de
Telecomunicación



Distintivo de
empregabilidade



Distintivo de
igualdade



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Índice

Presentación	4
Participantes	5
Antecedentes	7
Diagnose da situación do centro e as titulacións (DAFO)	11
Misión, visión e liñas estratéxicas.....	13
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa.....	18

Presentación

A posta en marcha deste programa estratéxico constitúe unha oportunidade para reforzar a cultura de calidade consolidada polo Sistema de Garantía de Calidade interno da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET), favorecendo un proceso rigoroso de análise e reflexión sobre a situación actual do centro. A través deste marco, preténdese definir a orientación futura da Escola, identificando as necesidades prioritarias e establecendo accións que permitan un desenvolvemento coherente, sostible e aliñado cos obxectivos institucionais da Universidade de Vigo.

O programa estratéxico da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo (PDEC-teleco) estrutúrase arredor de seis eixes fundamentais: Captación, Colaboración, Formación, Igualdade, Proxección e Vida-Teleco. Estes eixes estratéxicos configuran a estrutura do programa e permiten abordar de forma integral as necesidades e oportunidades identificadas, orientando as accións do centro cara á mellora continua, ao reforzo da identidade académica e ao desenvolvemento dunha comunidade universitaria participativa e comprometida.

A implantación deste programa subliña a importancia de traballar de maneira coordinada e orientada a resultados, reforzando así a identidade da EET e a súa capacidade para anticiparse aos desafíos dunha contorna en continua transformación. A través deste proceso, a Escola reafirma a súa vontade de consolidar un funcionamento baseado na mellora continua, a participación da comunidade universitaria e a excelencia en todas as súas dimensións.

O Equipo Directivo da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo manifesta o seu firme compromiso coa calidade, coa excelencia académica e coa mellora continua tanto do centro como das titulacións que nel se imparten. Este compromiso materialízase na decisión de impulsar unha estratexia global de desenvolvemento que se aborda de forma participativa e colaborativa, integrando as achegas de todos os grupos de interese e tendo en conta o contexto específico da Escola, así como os principais retos tecnolóxicos, sociais e organizativos que marcan o seu futuro inmediato.

Participantes

Na elaboración deste Programa de Desenvolvemento Estratéxico, participaron representantes de distintos grupos de interese que forman parte da escola: Comisión de Calidade da EET (CC), outros colaboradores voluntarios internos e externos ao centro e un nutrido grupo de entidades (empresas, centros tecnolóxicos...) colaboradoras coa Escola.

Comisión de elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da EET

Rebeca Pilar Díaz Redondo (Directora da EET)

Pedro S. Rodríguez Hernández (Secretario da EET, Difusión e Captación)

Ana María Cao Paz (Subdirectora de calidade da EET)

Pedro Comesaña Alfaro (Subdirector de Organización académica e Novas titulacións)

María Verónica Santalla del Río (Subdirectora de Infraestruturas e Relacións internacionais e representante do Departamento de Teoría do sinal e comunicacións)

Lucía Costas Pérez (Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación)

Fernando Martín Rodríguez (Coordinador do Mestrado universitario en Enxeñaría de Telecomunicación)

Ana Fernández Vilas (Coordinadora do Mestrado interuniversitario en CiberSeguridade)

José Durany Castrillo (Coordinador do Mestrado interuniversitario en Matemática Industrial)

José Luis Alba Castro (Coordinador do Mestrado internacional en Visión por Computador)

Manuel Fernández Veiga (Coordinador do Mestrado interuniversitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica)

José Carlos López Ardao (Coordinador do mestrado interuniversitario en Internet das Cousas - IoT)

Antonio Pena Giménez (Coordinador do mestrado interuniversitario en Realidade Estendida)

María Soledad Torres Guijarro (Enlace de igualdade e PIUNE)

Enrique Costa Montenegro (Coordinador do PAT)

Cristina López Bravo (Representante do PDI da EET)

Andrés Suárez González (Representante do Departamento de Enxeñaría Telemática, DET)

Camilo Quintáns Graña (Representante do Departamento de Tecnoloxía Electrónica, DTE)

Ramón González Rodríguez (Representante do Departamento de Matemática Aplicada II, DMA-II)

Juan Manuel Zapata Posada (Representante do estudantado dos Graos)

Isabel Expósito Pérez (Representante do estudantado egresado)

Ana Cacheiro Seguí (Administradora do centro)

Luís Rey Fernández-Arruty (Representante da sociedade)

Laura Docio Fernández (PDI, anterior Subdirectora de Captación)

Manuel José Fernández Iglesias (PDI, anterior Coordinador do MET)

Jorge Marcos Acevedo (PDI, Coordinador de prácticas en entidades externas)

Iñigo Cuiñas Gómez (PDI, anterior Coordinador do PAT)

Manuel Caeiro Rodríguez (PDI, anterior coordinador dos TFG, TFM)

José Oscar Rubiños López (PDI, pertencente ao DTSC)

Felipe José Gil Castiñeira (PDI, pertencente ao DET)

Fernando Pérez González (PDI, pertencente ao DTSC)

Juan Carlos Burguillo Rial (PDI, pertencente ao DET)

Jaime González González (Persoal investigador, pertencente ao DET)

Diego Rodríguez Varela (Egresado)

Anxo Rodríguez Bastón (anterior Representante do estudantado dos Graos)

Javier Núñez Bon (anterior Representante do estudantado dos Mástres)

Diego Castro Freire (anterior Representante da delegación de estudantado)

Grupo de empresas/entidades colaboradoras do Centro que participaron na elaboración do PDEC-teleco

- | | | |
|---|-----------------------------|---------------------------|
| ❖ <i>ALTIA</i> | ❖ <i>GBTEC</i> | ❖ <i>Optare Solutions</i> |
| ❖ <i>BorgWarner</i> | ❖ <i>Gradiant</i> | ❖ <i>Plexus</i> |
| ❖ <i>Capgemini</i> | ❖ <i>Imatia</i> | ❖ <i>Quobis</i> |
| ❖ <i>Centum Research and Technology</i> | ❖ <i>Inditex</i> | ❖ <i>TELTEK</i> |
| ❖ <i>EGATEL</i> | ❖ <i>Marine Instruments</i> | ❖ <i>Ultreia</i> |

A EET agradece a colaboración e as contribucións feitas por todas as persoas e entidades involucradas.

Antecedentes

Os estudos de Enxeñaría de Telecomunicación en Galicia nacen en 1985 coa creación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros (ETSE) de Telecomunicación no campus de Vigo, adscrita á USC (Universidade de Santiago de Compostela). Esta titulación só se impartía, nese momento, na Universidad Politécnica de Madrid (UPM) e na Universitat Politécnica de Catalunya (UPC), polo que a afluencia do resto de España, especialmente do cuadrante noroeste peninsular, foi moi numerosa. En 1990, a Xunta de Galicia aproba a segregación das universidades de Vigo e da Coruña e a ETSE de Telecomunicación pasa a depender da Universidade de Vigo. Desde esa primeira titulación os estudos foron evolucionando para adaptarse á rápida evolución das tecnoloxías da información e das telecomunicacións como tamén aos novos regulamentos dos estudos universitarios. En 2011 o centro cambia de nome e pasa a denominarse *Escola de Enxeñaría de Telecomunicación* (EET).

1. O SGC da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET)

A implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) está certificada conforme ás directrices do programa FIDES-AUDIT desde o 18 de novembro de 2013. O 2 de xullo de 2019 renovouse a certificación do sistema. Desde o ano 2012, a EET está involucrada de forma activa no “Plan de Mellora dos SGC dos Centros da Universidade de Vigo”, promovido pola Área de Calidade da UVIGO, co obxectivo de optimizar o sistema, simplificar a documentación e reducir o número de rexistros, para que resulte máis operativo. A EET obtivo a Acreditación Institucional (Resolución do 28 de xaneiro de 2019 do Consello de Universidades) cos efectos previstos no Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. Isto implica que todas as titulacións oficiais da EET incorporaron como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), a data da devandita resolución (28/01/2019).

2. Titulacións da EET

Tras a adaptación dos estudos ao novo marco definido para o Espazo Europeo de Educación Superior, en setembro de 2010 comeza a impartición do *Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT)*, titulación que proporciona as competencias profesionais da Enxeñaría Técnica de Telecomunicación. Algúns fitos importantes son:

- *Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT)*
 - Alta inicial no RUCT: 12/11/2010
 - Implantación da liña en inglés, Bachelor Degree in Telecommunication Technologies Engineering (BTTE): 09/2017
 - Modificacións da titulación: 15/05/2012; 23/03/2015; 31/07/2019; 18/07/2025
 - Acreditación: 20/07/2016.
 - Selo internacional de calidade EUR-ACE: 15/04/2019.

No curso 2014/2015 comeza a implantación do *Mestrado de Enxeñaría de Telecomunicación*, que proporciona as competencias profesionais da antiga Enxeñaría de Telecomunicación. Destácanse os seguintes fitos:

- *Mestrado de Enxeñaría de Telecomunicación (MET)*
 - Alta inicial no RUCT: 14/11/2014
 - Acreditación: 30/10/2018.
 - Modificación: 18/07/2025
 - No curso 2023/2024 ofrécese a posibilidade de facer a dobre titulación internacional do Mestrado universitario en Enxeñaría de Telecomunicación pola Universidade Vigo e Mestrado en Ciencias en Electrónica e Telecomunicación pola Universidade Tecnolóxica de Lodz.

No curso 2024/2025 ponse en marcha o *Programa Académico con Percurso Sucesivo (PARS) no Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación, vía o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación*. O PARS proporciona itinerarios curriculares específicos que permiten cursar as dúas titulacións oficiais vinculadas preexistentes de forma parcialmente simultánea para, unha vez finalizados os estudos, obter ambos os títulos.

O *Mestrado Universitario en CiberSeguridade (MUniCS)* comeza a súa andadura desde o curso 2018/2019, trátase dun título interuniversitario impartido na Facultade de Informática da Universidade de A Coruña e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, sendo esta última a sede coordinadora. O MUniCS complementa as titulacións TIC de ambas institucións: o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación do noso centro e o Grao de Enxeñaría informática da UDC coa misión de formar profesionais de alta cualificación en todos os procesos técnicos, organizativos, operativos e forenses relativos á seguridade dixital.

- *Mestrado Universitario en CiberSeguridade (MUniCS)*
 - Alta inicial no RUCT: 05/10/2018
 - Acreditación Institucional: 28/01/2019
 - Modificación: 18/07/2023

Desde hai tempo, a EET ten como obxectivo estratéxico aumentar a súa oferta educativa, en liña cun dos obxectivos do centro: *Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión*. Seguindo esta consigna, ademais da implantación do MUniCS, puxéronse en marcha as seguintes titulación de mestrados interuniversitarios:

- 2013/2014 - *Mestrado interuniversitario en Matemática Industrial (M2i)*: Coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela, coa participación da Universidade da Coruña, a Universidade da Vigo (EET), a Universidade Carlos III de Madrid e a Universidad Politécnica de Madrid. Proporciona unha formación orientada á construción de solucións a problemas industriais, con especialización en Modelización e Simulación Numérica e tecnoloxías altamente demandadas. Alta inicial no RUCT: 26/09/2014. Modificación: 13/02/2025. Acreditación: 11/07/2017, 26/01/2022.
- 2019/2020 - *Mestrado Internacional en Visión por Computador (imcv)*: Impartido polas 3 universidades galegas e a Universidade de Oporto, sendo a sede coordinadora a Universidade de A Coruña. Este mestrado ofrece unha especialización interdisciplinar nos fundamentos xerais da visión por computador. Alta inicial no RUCT: 01/09/2020. Modificación: 23/05/2024.
- 2023/2024 - Mestrado Interuniversitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica (MQIST). Alianza estratéxica das Universidades de Santiago de Compostela (coordinadora), A Coruña e Vigo cara á oferta especializada de estudos de posgrao neste campo. Alta inicial no RUCT: 17/10/2023. Modificación: 18/07/2025.
- 2024/2025 - Mestrado Interuniversitario en Internet das Cousas - IoT (MUIoT). Proposto de forma conxunta polas 3 universidades públicas galegas (coordinado pola USC), considerado estratéxico pola Xunta de Galicia, ofrece un nivel de especialización no ámbito IoT que non existía no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Alta inicial no RUCT: 17/09/2024.
- 2025/2026 - Mestrado Interuniversitario en Realidade Estendida (masterXR). Titulación conxunta entre a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña (coordinadora), é un programa de estudos especializado e profundo sobre a tecnoloxía asociada á XR. Alta inicial no RUCT: 23/09/2025.

Por outra banda, a EET tamén oferta títulos propios orientados á especialización académica ou profesional. Estes estudos achegan novas competencias ao estudiantado e facilitan a súa inserción laboral e emprendemento. Actualmente estase a ofertar o título *Qualcomm Wireless Academy (QWA) 5G University Program* e o título *Experto en Desenvolvemento de Dispositivos de Fotónica Integrada (dúas edicións)*.

Ademais, estanse pondo en marcha varios itinerarios específicos de microcredenciais, formacións de curta duración focalizadas na adquisición de coñecementos, habilidades ou competencias específicas: *Introdución á fotónica cuántica*, *Deseño e medida de circuítos integrados fotónicos*, *Fabricación e empaquetado de circuítos integrados fotónicos*, *Xestión de proxectos e transferencia de tecnoloxía* e *Curso de especialización en iluminación de espectáculos*.

En canto aos programas de doutoramento, a EET conta desde 2013 co programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (*DocTIC*), promovido pola Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e o centro tecnolóxico atlantTic (<https://atlanttic.uvigo.es/en/>), tendo como misión formar persoas investigadoras e profesionais na área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). Pola súa banda, o programa de doutoramento *Matemáticas e Aplicacións*, forma parte da oferta da Universidade sen Fronteiras (UNISF). Esta proposta transfronteiriza nace da colaboración entre as 6 universidades públicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER). A EET oferta un terceiro programa de doutoramento en *Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas*, un programa conxunto da tres Universidades do SUG, destinado a formar especialistas no modelado e o tratamento numérico de problemas en enxeñaría e outras ciencias.

Outros fitos da EET

- A EET foi dos primeiros centros en obter a certificación FIDES-AUDIT da implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) o 18 de novembro de 2013. Nesa primeira convocatoria, tan só 5 centros do SUG conseguiron a certificación.
- O Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación foi a primeira enxeñaría da Universidade de Vigo en conseguir a certificación EUR-ACE®, considerada como a máis prestixiosa que pode obter un título de enxeñaría concedido en Europa, facilita a mobilidade académica e profesional das persoas tituladas e confire valor e recoñecemento internacional á formación recibida. O selo foi concedido o 14 de abril de 2019, por un período de 6 anos.
- En 2013, a EET foi pioneira na Universidade de Vigo en pór en marcha o primeiro programa de mentoría formal, sendo destacada positivamente nas avaliacións de diferentes procesos de acreditación da titulación.
- A EET conta cos distintivos de igualdade (2023) e empregabilidade (2024) outorgados pola Universidade de Vigo. Estes recoñecementos acreditan o labor feito a favor da entrada efectiva no mercado laboral das persoas que escollen este centro para formarse. Reflexan tamén o compromiso con impulsar a presenza feminina en sectores tradicionalmente masculinizados como os tecnolóxicos.
- A finais do curso 2023/2024, a EET convértese no primeiro centro da Universidade de Vigo en regular o uso da intelixencia artificial, IA e IAX, nas aulas. Publícase unha guía pioneira onde se mostra como usar esta tecnoloxía de modo ético, dividida en dous documentos, un deles orientado ao estudantado con recomendacións concretas sobre o emprego desta tecnoloxía.

Diagnose da situación do centro e as titulacións (DAFO)

Dimensión Interna

Debilidades	Fortalezas
<ul style="list-style-type: none"> • D01: Na sociedade en xeral, a imaxe da Enxeñaría de Telecomunicación percíbese como unha titulación de gran dificultade ou non se asocia a tecnoloxías de última xeración. • D02: O relevo xeracional do PDI depende de instancias superiores, o que dificulta a incorporación e consolidación de novo profesorado. • D03: Alumnado en maior parte masculino con menos do 20% de representación feminina. • D04: Baixa continuidade na Escola en titulacións de posgrao. • D05: Dificultades para o persoal investigador máis novo. • D06: Dificultades para reter aos estudantes con mellor traxectoria académica nos grupos de investigación. Pérdense perfís que van a outras universidades. • D07: Perda de conexión coas persoas egresadas. Poden achegar moito valor e experiencia desde o mundo da empresa, axudando a mellorar a oferta académica. • D08: Escasa representación do sector PAS na definición deste plan estratéxico, que unicamente conta coa participación da administradora de centro. • D09: Non lle sacamos suficiente partido ás nosas relacións internacionais: alumnado ERASMUS, investigadores/as, etc. Teríamos que ser capaces de atraer a máis xente doutros países. • D10: Escaso liderado interno por parte de docentes con gran traxectoria e capacidade de innovación. • D11: Os plans de estudos do GEET e do MET requiren unha actualización de contidos. • D12: Ofrécense titulacións de posgrao con horarios incompatibles para profesionais da industria que queiran seguir formándose. Perdemos posibles estudantes. • D13: Descoñecemento, por parte do alumnado, da actividade realizada polos distintos grupos de investigación. • D14: Utilizar métodos de ensino que non conectan co estudantado, que xeran pouca curiosidade, interacción e/ou asistencia nas aulas. Deste xeito, favorécese o absentismo e que non se lle saque partido ao tempo das clases presenciais. • D15: Parte do persoal do centro mostra habitualmente a súa reticencia a cambios. • D16: Materias non actualizadas que impiden ao alumnado acceder a postos de maior valor e máis demandados. • D17: O alumnado de prácticas en empresa non chega ben informado sobre os procedementos. 	<ul style="list-style-type: none"> • F01: Iniciativas de innovación poñendo ao estudantado no centro do proceso (LPRO, competencias transversais, proxectos en grupos c, MEET etc.). • F02: Experiencia acumulada de anos, que leva a unha moi boa posición en clasificacións internacionais como Escola. • F03: Investigadores/as punteiros que dan lugar a docencia de primeiro nivel (nas materias correspondentes). • F04: Delegación de alumnado moi activa e comprometida con valores sociais. • F05: Profesorado con fortes capacidades TIC, que usa intensivamente plataformas de teledocencia, recursos multimedia, tutorías en liña, etc. • F06: Reputación sólida da escola no mercado laboral. • F07: Somos a única escola de enxeñaría de telecomunicación de Galicia. • F08: Temos a capacidade de ofrecer titulacións en inglés. • F09: Boas conexións no mundo profesional, tendo a persoas egresadas en postos de responsabilidade. • F10: Escola con experiencia e á vez nova. Temos unha profesión "recente" e con capacidade de adaptarse ás novas tecnoloxías. • F11: Capacidade de deseñar titulacións en colaboración con outros centros e universidades. • F12: Somos persoas metódicas, organizadas e esixentes. Exemplos: calendarios, horarios de clase e de exames, prácticas grupais, guías docentes, etc. • F13: Programas MEET-Teleco e Oriéntate. • F14: Boa percepción da ETT Vigo a nivel nacional grazas a súa longa historia. • F15: Boa xestión do alumnado na organización de certos eventos como o Foro Tecnolóxico.

Contorna externa

Ameazas	Oportunidades
<ul style="list-style-type: none"> ● A01: Esgotamento das persoas máis innovadoras ante actitudes involucionistas moi insistentes. ● A02: Competencia directa doutras titulacións TIC impartidas en centros públicos e privados. ● A03: Risco de involución ao facer cambios: volver a situacións obsoletas en lugar de potenciar os espazos de innovación. ● A04: Descoñecemento do público en xeral da diversidade de áreas presentes nas titulacións e a súa elevada demanda no mercado laboral. ● A05: Existencia de titulacións en liña noutras universidades, centros privados, etc. a nivel global, que ofrecen unha vía alternativa e de calidade, favorecendo horarios flexibles, conciliación, etc. ● A06: Desconexión da contorna, que pode provocar unha falta de resposta ás necesidades actuais da sociedade. ● A07: A nosa profesión identifícase como masculina. ● A08: A demanda laboral evoluciona máis rápido que os contidos impartidos na Escola. ● A09: Falta de financiamento para adquirir licenzas SW e/ou HW de referencia no mercado para os diferentes plans de estudos. Así, límitase o atractivo das titulacións. ● A10: Pouca colaboración con empresas para levar a cabo cursos punteiros e outras actividades de I+D+i do sector. ● A11: Necesidade de cursar 60 créditos máis respecto a outros países para obter a titulación de grao. 	<ul style="list-style-type: none"> ● O01: Incorporar ao día a día docente algunhas iniciativas de innovación apoiadas en proxectos internacionais, así como perspectiva de xénero. ● O02: Novas vías de colaboración con empresas e industrias punteiras. ● O03: Ofrecer novos programas de estudo ou servizos. ● O04: Aproveitar a experiencia dunha xeración de investigadores/as de alto nivel antes da súa xubilación en 10 anos (ou menos). ● O05: Seguir involucrando ao profesorado en tarefas de difusión da titulación. ● O06: Aproveitar as novas tecnoloxías e tendencias no campo das telecomunicacións para mellorar a escola e aumentar o seu atractivo ao estudiantado. ● O07: Capacidade de establecer campañas en redes sociais, marketing, e presenza en medios, con noticias con potencial e atractivo mediático. Obxectivo: crear /mellorar a imaxe do centro no exterior. ● O08: Contar coa experiencia das persoas egresadas, persoal e actores varios conectados ao centro para xerar este plan estratéxico. ● O09: A realización deste plan estratéxico. É unha oportunidade para repensar o que se leva facendo nos últimos anos, aproveitando para refinar procesos, titulacións, abandonar limitacións, trabas, etc. ● O10: Vigo é unha cidade que está a gañar presenza no territorio nacional. Pódese aproveitar para situar tamén a EET como un referente dunha cidade en auxe. ● O11: A empresa pode achegar valor e experiencia, axudando a mellorar as titulacións. ● O12: Realizar tarefas de colaboración con empresas e industrias punteiras. ● O13: Facilitar a colaboración coas empresas, conseguindo apoio mutuo no desenvolvemento de modelos, prototipos ou marcos teóricos nos ámbitos de innovación. ● O14: Capacitación do alumnado en materia de creación de proxectos de innovación ligados á Escola.

Misión, visión e liñas estratéxicas

Misión:

A misión da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación é formar profesionais de alta cualificación que sexan capaces de desenvolver e implementar solucións tecnolóxicas no campo das telecomunicacións e das súas especialidades, adaptándose a un sector en constante evolución. Ademais, busca que as persoas egresadas contan cunha sólida base científica, tecnolóxica e de habilidades transversais e cunha conciencia ética, responsable, inclusiva e sostible na súa actividade profesional.

A EET tamén ten como Misión ser un axente de xeración e de transferencia de coñecemento a través dos seus grupos de investigación, reforzando as súas alianzas coa contorna máis próxima e proxectando a súa presenza a nivel nacional e internacional.

Visión:

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación é un centro que imparte formación de grao e posgrao, enfocado á formación de profesionais no ámbito das telecomunicacións e especializacións afíns. Neste contexto, a tarefa formativa vese reforzada pola intensa labor investigadora, a súa transferencia e a colaboración con diversas empresas e entidades a nivel autonómico, nacional e internacional.

A EET pretende ser un centro de referencia nacional caracterizado pola satisfacción de todos os grupos de interese, avanzando na mellora continua da calidade formativa, reforzando e ampliando a súa rede de colaboración con empresas, entidades e grupos de referencia, tanto da contorna como a nivel nacional e internacional.

A escola tamén pretende ampliar o concepto que as audiencias non especializadas teñen sobre o que se fai no centro e a amplitude dos campos de desenvolvemento e aplicación das diferentes tecnoloxías relacionadas coas telecomunicacións e as súas especialidades.

Liñas estratéxicas

Co obxectivo de facer un diagnóstico da situación da EET, levouse a cabo un informe DAFO cuxos resultados se reflicten previamente neste documento (DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS e OPORTUNIDADES). Por outro lado, no Plan Estratéxico da Universidade de Vigo, tendo en conta os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, expóñense 29 obxectivos. Deses 29 obxectivos seleccionáronse 11, que se consideran máis próximos á EET.

Por último, tendo en conta os resultados do informe DAFO así como os 11 obxectivos seleccionados, chegouse á proposta de 6 liñas estratéxicas en consonancia coas liñas xerais do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo:

- **Captación**
- **Colaboración**
- **Formación**
- **Igualdade**
- **Proxección**
- **Vida-teleco**

Na táboa 1 móstranse as seis liñas estratéxicas identificadas e máis os seus obxectivos.

Táboa 1: Táboa resume Liñas estratéxica - Obxectivos

Liña estratéxica	Obxectivos	
FORMACIÓN	Obx. 1: Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.	
	Obx. 3: Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna.	
	Obx. 4: Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado.	
	Obx. 2: Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado.	
COLABORACIÓN	Obx. 7: Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.	
	Obx. 8: Impulsar a colaboración público-privada.	
	Obx. 9: Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.	
CAPTACIÓN	Obx. 26: Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.	
VIDA TELECO	Obx. 29: Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo.	
PROYECCIÓN	Obx. 5: Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.	Obj. 27: Definir e por en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade.
IGUALDAD		

Os obxectivos que non teñen unha cor de fondo forman parte de máis dunha liña estratéxica.


Eixos estratéxicos da UVigo	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación Persoas	Obxectivo 26: Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.	1. CAPTACIÓN	1.1 Fomentar a captación de estudiantado con talento en todas as titulacións da EET, especialmente no GETT.
Formación Relación coa sociedade Organización e Recursos Investigación e transferencia	Obxectivo 7: Incrementar a captación de fondos en convocatorias nacionais e internacionais.	2. COLABORACIÓN	2.1 Promover unha cooperación activa con entidades externas, favorecendo o intercambio de coñecemento, a participación en proxectos conxuntos e a creación de redes que potencien a innovación e a empregabilidade do alumnado.
	Obxectivo 8: Impulsar a colaboración público-privada.		
	Obxectivo 9: Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.		2.2 Promover unha liña de comunicación e colaboración con egresados da escola.
Formación	Obxectivo 2: Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado.	3. FORMACIÓN	3.1 Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar
	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e		

Eixos estratéxicos da UVigo	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
	<p>de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorno.</p> <p>Obxectivo 3: Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna.</p> <p>Obxectivo 4: Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado.</p>	<p>3. FORMACIÓN</p>	<p>aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.</p> <p>3.2 Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia naqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.</p>
<p>Persoas</p> <p>Formación</p> <p>Relación coa sociedade</p> <p>Organización e Recursos</p>	<p>Obxectivo 27: Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade.</p>	<p>4. IGUALDADE</p>	<p>4.1 Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.</p> <p>4.2 Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na docencia. Comunicar con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada.</p>

Eixos estratéxicos da UVigo	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
	<div data-bbox="663 778 1048 1134" style="border: 1px solid black; padding: 5px;"> Obxectivo 5: Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade. </div>		4.3 Continuar e mellorar as accións de captación orientadas a aumentar a porcentaxe de estudiantado feminino na escola.
		5. PROXECCIÓN	5.1 Impulsar a comunicación e difusión das actividades do centro, destacando os logros do seu alumnado, profesorado, egresados e outros axentes interesados.
			5.2 Consolidar a imaxe institucional do centro e reforzar o seu posicionamento como referente académico, de investigación e profesional, promovendo a participación en redes de colaboración, eventos e proxectos que dean visibilidade ao seu labor docente, investigador e social.
Persoas Formación Relación coa sociedade Investigación e transferencia	Obxectivo 29: Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo	6. VIDA TELECO	6.1 Fortalecer o sentido de pertenza a escola fomentando unha contorna inclusiva e motivadora, promovendo a participación do alumnado e outros grupos de interese.

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

Para a elaboración do Plan de Desenvolvemento Estratéxico do centro, seguíuse o establecido no procedemento *DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico. Índice 5. Diagrama de fluxo.*



II. Análise estratéxico e deseño do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro

